

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS (ADOS) E O CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN MEDICINA MOLECULAR E ENFERMIDADES CRÓNICAS (CIMUS) DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA O PROXECTO DE INVESTIGACIÓN TITULADO: "CARACTERIZACIÓN DE NOVAS MOLÉCULAS DE BAIXO PESO MOLECULAR PARA O TRATAMENTO DE ENFERMIDADES INFLAMATORIAS."

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) e o Centro de Investigación de Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS) da Universidade de Santiago de Compostela asinaron o día 05.05.2022 o convenio referido, que entrou en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estará vixente por un período de catro anos, susceptibles de prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto materializar e regular a colaboración entre as partes para un proxecto de investigación titulado: "caracterización de novas moléculas de baixo peso molecular para o tratamento de enfermidades inflamatorias."

A finalidade é a realización dunha avaliación ex vivo da acción antiinflamatoria de novas moléculas de baixo peso molecular e identificación do mecanismo de acción das moléculas candidatas. Preténdese validar e caracterizar moléculas de baixo peso molecular, capaces de contrarrestar o microambiente proinflamatorio característico da artrite reumatoide, proporcionando, a medio prazo, novos fármacos candidatos que poderían ser administrados por vía oral, mellorando a calidade de vida dos pacientes e a adherencia ao tratamento.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) é una axencia pública autonómica que e ten como fin actuar como un instrumento de xestión eficiente para asegurar a doazón voluntaria de sangue, o procesamento, fraccionamento, almacenaxe e abastecemento de compoñentes sanguíneos e hemoderivados, a coordinación de transplantes de órganos e a obtención, procesamento, almacenaxe, distribución e implante de células e tecidos, aplicando os criterios de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación, e seguridade marcados tanto pola lexislación vixente coma polas guías científicas, e asegurando que se cumpren todos os aspectos éticos inherentes á doazón e ao uso de substancias de orixe humana procedentes da mesma.

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno.

O Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS) creouse por acordo do Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela do 17 de febreiro de 2010. Segundo o artigo 1 do seu Regulamento, constitúese como Centro Singular de Investigación da Universidade de Santiago de Compostela ao abeiro do previsto no artigo 41 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades.

A misión do CIMUS consiste en realizar unha investigación básica de calidade contrastada, co obxectivo de conseguir avances na prevención, entendemento e tratamento da enfermidade crónica.

A supervisión e o desenvolvemento deste proxecto estará en mans da súa investigadora principal que é profesora da USC e investigadora do CIMUS e IDIS.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

